



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMARIÑAS

Expediente 05/2026 mediante crédito extraordinario 2/2026 (financiado cun préstamo ICO)

APROBACIÓN INICIAL MODIFICACIÓN CRÉDITOS Nº 5/2026 CRÉDITO EXTRAORDINARIO 2/2026.

EXPTE: 2026/T002/000005

ANUNCIO

O Pleno deste Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 23 de marzo de 2026, aprobou inicialmente a modificación de créditos núm. 2/2026 sobre o Orzamento do Concello de Camariñas correspondente ao exercicio 2026, de aprobación dun Crédito Extraordinario (Expte. CE 2/2026), por un importe total de 384.792,68 €.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos da presentación de reclamacións ante o Pleno, segundo o disposto no artigo 177.2, en relación co 169, do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Se ao remate do período de exposición pública non se presentaran reclamacións, o expediente considerárase definitivamente aprobado, conforme ao establecido na citada lexislación, sen necesidade de novo acordo plenario.

En Camariñas, 24 de marzo de 2026.

A Alcaldesa

Sandra Insua Rial

2026/1793